



LUNS, 19 DE AGOSTO DE 2024 | LUNES, 19 DE AGOSTO DE 2024 | BOP NÚMERO 158

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para cubrir 4 prazas de técnicas/os administración, promoción interna (A2)

ANUNCIO

Por resolución núm. 1418 da concelleira delegada de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior resolveuse o seguinte:

“Primeiro.- Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para cubrir 4 prazas de técnicas/os administración, da escala de administración xeral, subescala técnica-xestión, grupo de titulación A2, funcionario de carreira, polas quendas de promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso-oposición no Concello de Culleredo, de acordo co seguinte detalle:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	Ferreiro Villaverde, Milagros	***14 76**
2	Insua Sabio, Beatriz	***89 00**

Segundo.- Nomear como funcionarias de carreira da escala de administración xeral, subescala técnica-xestión, grupo de titulación A2, a:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	Ferreiro Villaverde, Milagros	***14 76**
2	Insua Sabio, Beatriz	***89 00**

Terceiro.- Declarar desertas dúas (2) das catro (4) prazas convocadas de Técnico de Administración Xeral, subescala técnica-xestión, Subgrupo A2, do Concello de Culleredo, quenda promoción interna.”

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 12 de agosto de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

R.D. Resolución núm. 1260/2023 do 04.07.2023

(BOP núm. 131 do 11.07.2023)

2024/5791